



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA SOBRE AGRUPACIÓN DE EDICIÓNS DO CURSO “FC13012 TÉCNICA NORMATIVA. ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DE DISPOSICIÓNNS DE CARÁCTER XERAL”

ANTECEDENTES:

1.- Resolución do 25 de xaneiro de 2013 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 31).

Asunto: Agrupacións de edicións do curso FC13012 Técnica normativa. Elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral.

CONSIDERACIÓNNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Despois de ver a Resolución do 25 de xaneiro de 2013 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 31), na súa base novena, apartado b) dispón” No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP reservase o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.”

A vista de que o número de alumnos seleccionables no curso de “FC13012 Técnica normativa. Elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral”, a realizar en Santiago de Compostela entre os días 20 e 27 de maio do ano 2013, é de 8, inferior ao 50% das prazas convocadas (20),

RESOLVO:

1.- Agrupar as dúas edicións do curso “FC13012 Técnica normativa. Elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral ”, a celebrar en Santiago de Compostela os días 18 a 25 de marzo (1^a edición) e 20 a 27 de maio (2^a edición), nunha soa edición a celebrar os días 18 a 25 de marzo de 2013 en Santiago de Compostela.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

2.- Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2013.

A directora

Sonia Rodríguez- Campos Gonzalez

DIRECCIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA